

DE NOVOS... NA DEPUTACIÓN

Merián. Cambados.

Por segundo ano consecutivo, as clases de 6^ºA e B do colexio Antonio Magariños de Cambados acudiron á Deputación de Pontevedra. A visita tiña como obxectivo expoñer os novos proxectos de cooperativas dentro do marco "Depoemprenente na escola", iniciativa que leva a cabo a Deputación para que os colexios que se presentan e acaban seleccionados poidan levar á práctica "iniciativas empresariais".


Os nenos do Magariños desprazáronse ata Pontevedra en autobús, baixo un sol abrasador, merendon en non parque e colleron fornos para dar a coñecer as súas empresas cooperativas.

Xunto con varios colexios, todos seleccionados para o proxecto, e da man das presidentas Estela (6^ºA) e Salomé (6^ºB), as clases de 6^º deron a coñecer o que van a fabricar e como. Un proxecto así implica moito. É un traballo en equipo.

Todas as cooperativas repartíronos cargos de presidente, secretario e tesorero entre os seus membros. Tamén elixiron o nome, o logo, os produtos, o prezo e o capital aportado; aparte dos estudos de mercado, e tamén os estatutos elaborados entre todos os membros.


No salón de actos da Deputación déronse a coñecer as cooperativas: Barreiro's Company, Sandiás Artesas, Special Mans, Creativa, e moitas máis. Tamén todos os colectivos implicados van destinar parte dos seus beneficios a asociacións como AECC, o Refuxio e GaliciaAme. Se todos aportamos un poquiño, xuntos faremos moito.

Por todo isto, gústame participar no proxecto "Depoemprende na escola."



Deputación
de Pontevedra.

DEPOEMPRENDE



NA

ESCOLA



lencia

UNHA GRAN MAÑÁ!

Hoxe, día 26 de Febreiro, os nenos de 6º do Colexio Cep Antonio Magarinos foron convidados a un gran acto da Deputación de Pontevedra para recoller o CIF.

Alí en Pontevedra a presidenta da Deputación deslles a benvida sacando unha foto con todos eles, despois subíronl á sala onde se ía a representar o acto, pero antes de realizalo tiveron que facer moitas cousas para conseguilo e poder vender.

Algunhas das cousas que tiveron que facer foron: Primeiro saber se querían ser unha cooperativa onde todos mandan, e todo o gañado repartese, ou unha sociedade limitada onde hai un xefe e non se reparte nada. Eles decidiron ser unha cooperativa, onde por acordo cada socio tiro que aportar \$€ de cota para formar o capital.


Cando xa teñan decidido iso, cada socio tiño que facer unha proposta de produto onde se se puideron elixir 7. Para poder elixilas cada neno levou un estudo de mercado para que algunha persoa da súa familia elixira cal lle gustaba máis e dicilas por orde de preferencia e o prezo que pagaría por elas.

Xa por último toca fabricar os produtos elixidos; para iso, cada neno encárgase de comprar as cousas necesarias para elaborar os produtos. Cando xa teñen bastantes exemplares de cada produto toca facer as etiquetas, facer algúns carteis de publicidade e darlle a cada socio un curriculum, onde lle preguntan varias cousas.

Agora a vender!, Toca vender e os nenos desprázanse ata o mercado para iso. Van facendo turnos para ir alí, e en cada posto están 2 vendedores e un tesoureiro.

Unha vez rendido todo, co freccuado,
a cada socio devolveralle a súa
cuota do capital e cos beneficios dourán
un pouco a asociación escollida e co resto
faran unha festa, unha comida...

A min pareceume unha idea fantástica
facer isto na escola, por iso quero
darlle as grazas a Deputación de Pontevedra,
a súa presidenta Carmela, e aos mestres,
que sen eles non sería posible. MOITAS
GRAZAS!



Deputación de Pontevedra + CIF

Hoxe os nenos do colexio C.E.P Antonio Margarinas Pastoriza visitaron Pontevedra. Foron para coller o CIF da empresa S.A. Sardiás Artesaís. A visita a Pontevedra tamén se lle pode chamar excursión porque de paso tamén merendaron alí. Cada colexio tivo unha representación dirixida polo presidente ou presidenta da cooperativa. Toda a nosa prensa opina que a que mellor o fixo foi... Salomé de "Sardiás Artesaís". Houbo un colexio que facía unhas camisetas moi bonitas. A presidenta da organización Depoemprende na escola dixo porque lle parecía bo o das cooperativas e moito máis. A continuación os colexios recolleron o CIF e fóronse.

Despóis os nenos e nenas de 6ºB foron merendaz a un parque onde poideron xogar nun circuito enorme e divertido e merendaz nuns bancos a sombra. Os nenos saían e comían ata que tiveron que irse a Cambados de volta ao centro. Pero igualmente os nenos pasárono moi ben no autobús porque xogaban, cantaban... Ao chegar ao colexio os nenos e nenas entraron en clase e reflexionaron o mellor e o peor da excursión a Pontevedra para coller o CIF.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Hoxe, 26 de febreiro do 2019 as clases de 6º B e 6º A do CEP Antonio Magariños de Cambados foron á Deputación de Pontevedra. O motivo da viaxe foi conseguir a licencia da cooperativa. Desplazáronse dende diante do cole ata a rúa Victoria Uxía, a continuación foron á Deputación de Pontevedra onde había leantantes cooperativas de diferentes colexios. Foron a unha sala onde explicaron o funcionamento das súas cooperativas; o capital que aportou cada un/a, como escolleron os produtos... O CEP Antonio Magariños fíxonos xenial, ademais que foron os únicos que non tiñan un papel por onde lían, ou un vídeo que explicábase todo. Pareceu-me sorprendente que un chico e unha chica con necesidades especiais liran tan ben.



No cooperativa de 6º B que se chama SA (Andrés
arterias) están preparando os produtos eleixidos por
máis votos e máis beneficios para vender no
mes de maio no mercado de Camleados,
ao lado da Praza de Alcantos.

Ao principio só eran menos sen ensinar o
que poden chegar. Cando eleiximos o logo era
unha sandía con gafas de sol, a maqueta a fixo
Eulogio e o logo Condela.

Canto tempo... Deputación de Pontevedra

Irene Vieites. Cambados



Onte o alumnado non só do colexio CEP Antonio Magariños foron á Deputación Provincial (En Pontevedra)... Senón moitos colexios máis. Foron tantos colexios que o acto celebrouse en douz parrochias distintas.

Unha Deputación é unha institución que agrupa varios concellos ou parroquias.

Moitos nenos e nenas atoparon amizades... E profesores tamén, pero unha profesora que coñecía todos era a presidenta da Deputación de Pontevedra. Todos os colexios foron aquí por unha razón... Obter o CIF para poder ser unha empresa oficial.

Que é unha sociedade, ou empresa, cooperativa? É un proceso con moitos traballadores (ou nenas) que consiste en decidir o que imos facer todos xuntos en equipo. Isto ten moitos apartados, como: A elección do produto, do presidente,

SA

DEPUTACION
DE
PONTEVEDRA



secretaría, ou tesoureiro... tamén temos que elixir ONGs
as que imos doar un porcentaxe do noso diñeiro recaudado
coa venta. Temos que organizar o que fai cada un dos
traballadores; se é vendedor, se fai o decorado e a publi-
cidade...

Cando fabrican produtos? Na hora de plástica, cando
rematan os exames, ou cando están sen facer nada.

En que consiste "Deptoemprende na escola"? Isto consiste en
aprender a organizarse, traballar todos xuntos e fabricar
produtos que se venden no mercado... Todo isto nun
proceso de moitos meses, que rematan valendo a pena.

Encantoume volver a Deputación Provincial, é unha
pena que sexa o último ano, pero por iso imos esforzarnos
máis. Foi unha pena non ver toda a sala da Deputación,
pero aprendín que hai moitos máis colexios que pertencen
o Cambado do que eu me esperaba, porque son moitos.

RECOLLENDO O CIF

Gabriel Cambados

Onte, día 26 de febreiro os nenos e nenas de 6^ºA e 6^ºB foron a Pontevedra a recoller o CIF de empresa. Todos os nenos foron no autobús de dous en dous.

Al principio, a profe dixo que o bús nos viña a recoller as 9:15 pero despois, seguiu lendo a nota do ordenador e abaixo de todo poñía que o autobús viña as 10:30, e todos estiveron aburridos escoitando matemáticas.

Para min a excursión foi moi boa como a do ano pasado porque aprendín cousas que non sabía e que me interesaron moito. Alí, na deputación de Pontevedra recibímonos Carmela Silva, a presidenta da deputación de Pontevedra. A profe Rosa nos dixo que iba a vir xente discapacitada e que as respectaríamos como persoas normais. Todas lles aplaudimos moito a xente, pero máis a SALOMÉ, a nosa presidenta que o fixo excelentemente ben.

RECOLLIDA DO CIF

- Hoxe, día 26 de febreiro, os nenos e nenas de 6º do CEP Antonio Magariños foron a Pontevedra a recoller o CIF para as súas cooperativas. O seu medio de transporte foi o autobús. Antes de entrar, todos fixéronse unha foto.

A representante de 6ºA foi Estela e de 6ºB foi Salomé. Por certo, foron as que mellor o fixéron. A presidenta da Deputación de Pontevedra animou sobre todo ás rapazas a ser alcaldesas, presidentas, ... porque díxolles que era a primeira muller en ese oficio. O ano pasado o alumnado do Magariños xa estivera, e xusto nesta sala. Asistiu un grupo de rapaces e rapazas con discapacidade do colexio Príncipe Felipe, os seus representantes o fixéron moi ben.

Cando saíron os do Magariños foron a merendar a un parque onde estaban moitísimos nenos e nenas xogando, cando se foron, as profes do colexio de Cambados deixáronlles xogar.

Ó chegar ó centro, as profesoras felicitaronlles polo seu comportamento, porque foi espectacular.